DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 219 Mércores, 16 de novembro de 2011 Páx. 33570

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CORRECCIÓN de erros. Orde do 26 de outubro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

Advertido erro na publicación da Orde do 26 de outubro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 212, do 7 de novembro), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

No anexo II da orde suprímense os seguintes recadros que aparecen nas páxinas 32411 e 32412, debendo considerarse non publicados, debido a que ambos os ficheiros foran xa suprimidos.

Denominación do ficheiro	Cursos da lingua galega.
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Selección para a participación en cursos de lingua galega, control de cualificacións e de títulos emitidos.
Colectivos sobre os cales se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Solicitantes de participación en cursos de lingua galega.
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28 de xullo de 1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que regula os ficheiros automatizados con datos persoais (DOG núm. 146, do 30 de xullo).
Motivos da supresión	Reestruturación orgánica e dos ficheiros de carácter persoal da Xunta de Galicia.
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro «Actividades dirixidas á cidadanía» creado por esta orde.

Denominación do ficheiro	Exencións de lingua e literatura galega.
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Concesión de exencións da materia da lingua e literatura galega.
Colectivos sobre os cales se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Solicitantes de exención de lingua e literatura galega.
Orde de creación/modificación do ficheiro	Orde do 28 de xullo de 1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que regula os ficheiros automatizados con datos persoais (DOG núm. 146, do 30 de xullo).
Motivos da supresión	Reestruturación orgánica e dos ficheiros de carácter persoal da Xunta de Galicia.
Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución	Inclusión no ficheiro «Alumnado» creado por esta orde.

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: qbpaeweo8-pxx3-bg12-89jl8bjxwky8